



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E SETE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES
(ACTA NÚMERO 03)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. Jose Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisi3ns do Pazo Provincial, sendo as once horas do d3a **vinde e sete de xaneiro de dous mil vinde e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do D3a regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporaci3n.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o señor deputado don Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte de xaneiro de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2022.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Cervantes, solicitando modificación de proxectos de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Cervantes no que solicita a modificación de proxectos de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:



1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CERVANTES	48	REXENERACIÓN DE ACCESOS AO NÚCLEO DE SANTALLA (AMBASVÍAS), INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	21.568,75 €	21.568,75 €
	49	PAVIMENTACIÓN DO ACCESO AO NÚCLEO DE POMBEIRO, INCLUÍDOS HONORARIOS	13.368,90 €	31.192,29 €	44.561,19 €
	50	PAVIMENTACIÓN DO ACCESO AO NÚCLEO DE VILAR DE MOUROS DEDE A LU-P-1403, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	43.881,25 €	43.881,25 €

4. O Concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.

5. A Alcaldía do Concello de Cervantes, a través de escrito de data 23/01/2023 solicita:

a) A modificación dos proxectos dos investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente os investimento nº 48-49-50, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... subidas de prezos dos materiais fixo necesario actualizar os prezos,...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CERVANTES	48	REXENERACIÓN DE ACCESOS AO NÚCLEO DE SANTALLA (AMBASVÍAS), INCLUÍDO HONORARIOS	15.766,91 €	21.568,75 €	37.335,66 €
	49	PAVIMENTACIÓN DO ACCESO AO NÚCLEO DE POMBEIRO, INCLUÍDOS HONORARIOS	18.614,30 €	31.192,29 €	49.806,59 €
	50	PAVIMENTACIÓN DO ACCESO AO NÚCLEO DE VILAR DE MOUROS DEDE A LU-P-1403, INCLUÍDO HONORARIOS	5.903,59 €	43.881,25 €	49.789,84 €

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de

gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación de proxectos de investimentos relativo ao Concello de Cervantes que se sinala, e que quedan incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.



A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Cervantes, e en consecuencia, aprobar a modificación de proxectos de investimentos relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CERVANTES	48	REXENERACIÓN DE ACCESOS AO NÚCLEO DE SANTALLA (AMBASVÍAS), INCLUÍDO HONORARIOS	15.766,91 €	21.568,75 €	37.335,66 €
	49	PAVIMENTACIÓN DO ACCESO AO NÚCLEO DE POMBEIRO, INCLUIDOS HONORARIOS	18.614,30 €	31.192,29 €	49.806,59 €
	50	PAVIMENTACIÓN DO ACCESO AO NÚCLEO DE VILAR DE MOUROS DEDE A LU-P-1403, INCLUÍDO HONORARIOS	5.903,59 €	43.881,25 €	49.789,84 €

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta de aprobación, se procede, do Convenio interadministrativo a subscribir co Concello de A Pobra de Brollón.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“O representante legal do Concello de A Pobra do Brollón solicitou, o 2 de xaneiro de 2023, mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, a formalización dun convenio interadministrativo de cooperación, para a realización conxunta da actividade, “Limpeza e mantemento de camiños rurais”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria rural.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma:

Informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, no que se estimou procedente a aprobación do texto do citado convenio, así como do gasto derivado da súa subscrición.

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde se analiza a necesidade e oportunidade do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Á vista de toda a documentación, a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informou favorablemente, o 17 de xaneiro de 2023, o texto do convenio proposto polo centro xestor.

Finalmente, á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 18 de xaneiro de 2023.



Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón do seguinte teor:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón, para a realización conxunta da Actividade “Limpeza e mantemento de camiños rurais, para o fin común de “Limpeza de vías de titularidade municipal”

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do de de 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: P2700000I, e sede social na rúa San Marcos, 8, de Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL); e, no seu nome, dona Mónica Freire Rancaño, deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2019.

E doutra, don Xosé Luís Maceda Vilariño, con DNI nº: ***0445**, Alcalde do Concello de A Pobra do Brollón, con NIF: P2704700J, e sede social na Avda. de Galicia, 50, de A Pobra do Brollón, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da LRBRL.

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e, a tal efecto,

Expoñen.

Primeiro.- O medio rural é un dos elementos fundamentais na vertebración social e económica da provincia de Lugo. Ademais, é o soporte físico de un extenso e variado patrimonio natural e cultural que representa hoxe un dos nosos grandes valores, sendo a base de moitas actividades económicas que xeran importantes niveis de emprego e renda.

No seu ámbito, as infraestruturas rurais xeran cohesión social e territorial, mellorando as condicións de vida e traballo no medio rural e contribuíndo, deste xeito, a frear o seu despoboamento.

En particular, as vías de titularidade municipal facilitan a accesibilidade e vertebración do territorio e, ademais, contribúen ao aumento da competitividade agraria e forestal. E, como toda infraestrutura, precisan do mantemento que lles permita poder seguir cumprindo coas súas funcións.

Por outra banda, unha parte das causas estruturais que inciden na proliferación de incendios forestais está relacionada coa situación de abandono que sofren, non só as propiedades privadas no ámbito rural, senón tamén, en moitos casos, as infraestruturas públicas no mesmo ámbito, por mor da falta de financiación que permita ás distintas Administracións Públicas o exercicio pleno das súas competencias.

Neste senso, cómpre ter en conta que os incendios forestais constitúen unha grave ameaza para calquera política seria de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia, ás persoas propietarias de terreos forestais, aos labregos, ás comunidades de montes veciñais en man común e, en xeral, a toda a sociedade deste medio.

O municipio de A Pobra do Brollón ten un carácter eminentemente rural, sendo o motor da súa economía o sector primario. Este sector depende en gran medida, entre outros factores, dunha rede de comunicacións por estrada nas mellores condicións, que permita as citadas: vertebración do territorio e aumento da competitividade agraria e forestal.



Asemade esta rede viaria de comunicacións constitúe, indirectamente, un obstáculo para a propagación dos incendios, se as faixas laterais das vías se manteñen nun estado óptimo de limpeza, polo que contribúen enormemente á prevención e defensa contra os incendios forestais.

O mantemento das vías de titularidade municipal correspóndelle aos municipios, en virtude da competencia propia atribuída a estes polo artigo 25.2.d) da LRBRL.

Asemade, os concellos teñen competencias en materia de xestión das faixas laterais das redes viarias da súa titularidade e de conservación e mantemento de todos os elementos que non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, atribuídas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e pola Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, respectivamente.

Mais é evidente que as entidades locais, como é o caso do municipio de A Pobra do Brollón, carecen en moitos casos de medios económicos e materiais para o exercicio das competencias descritas, pois estas constitúen unha pequena parte da totalidade das que lles corresponden.

Segundo.- As Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais, debendo respectar na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as mesmas. Así o establece o artigo 3.1.k) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en diante, LRXSP), que continúa dispoñendo no artigo 140.1.d):

As diferentes Administracións Públicas actúan e se relacionan con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes de estas de acordo cos seguintes principios:

(...).

c) Colaboración, entendido como o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.

d) Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común (...).

Así, segundo o artigo 141.1.d) da mesma lei:

As Administracións Públicas deberán:

(...).

d) Prestar, no ámbito propio, a asistencia que as outras Administracións puideran solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias.

Á súa vez, establece o artigo 143 do mesmo texto legal que:

As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor serva a este principio.

A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.

Finalmente, consonte ao artigo 144 daquela lei:

Poderase dar cumprimento ao principio de cooperación de acordo coas técnicas que as Administracións interesadas estimen máis adecuadas, como poden ser:

(...).

d) A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas (...).

Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

En parecido senso, aínda que de xeito máis restrinxido, se pronuncia a regulación autonómica, ao establecer o artigo 193.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adelante, LALGA) que:



As Entidades Locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos seguintes principios:

(...).

b) A colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxuntamente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Xa no ámbito da normativa local, dispón o artigo 57 da LRBRL que:

A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

Así mesmo, o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante, TRRL) establece que:

As Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por convinte, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

Pois ben, consonte ao artigo 47 da LRXSP:

Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (...).

Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas Administracións públicas ... (...).

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada LRXSP establece:

1. As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión da titularidade da competencia.

(...).

3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

(...).

5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

6. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

(...).

8. Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón configúrase como un aparello técnico



administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, tal e como quedaron expostos.

Terceiro.- Consonte ao artigo 36 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que a promoción do desenvolvemento do medio rural (medio de vida fundamental da Provincia), contribúe, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento económico e social, especialmente en municipios rurais, como o da Pobra do Brollón.

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que:

Non se entenderá como exercicio de novas competencias:

(...).

f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...

Por maior abastanza, no caso que nos ocupa é de aplicación o artigo 30 do TRRL, segundo o cal:

A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin:

a) os medios económicos propios da mesma que se asignen.

(...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril (...).

As formas de cooperación serán (...):

h) A subscrición de convenios administrativos.

Cuarto.- O Municipio de A Pobra do Brollón, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...).

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

(...).

Por outra banda, a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, atribúe competencias na materia aos concellos, establecendo o seu artigo 7 que:



Corresponde aos concellos e a outras entidades locais:

(...).

e) Xestionar as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, nos termos da presente lei.

Así mesmo, o artigo 33.7 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, atribúe competencias aos concellos neste ámbito, ao dispoñer que:

Corresponderalles aos concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias.

Polo tanto, sendo competencias propias do municipio de A Pobra do Brollón: a infraestrutura viaria, a xestión das faixas laterais das redes viarias da súa titularidade e a conservación e mantemento de todos os elementos que non formen parte da estrada, queda lexitimada a competencia daquel na execución do amentado proxecto.

Ademais, a subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

En virtude de todo o sinalado, os representantes das entidades locais citadas subscriben, en nome destas, o presente convenio interadministrativo de cooperación, de conformidade coas seguintes

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón, co obxecto de colaborar na realización conxunta da actividade “Limpeza e mantemento de camiños rurais”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria rural.

Para realizar dita actividade e acadar ditos fins, ámbalas dúas Administracións comprométense a realizar as seguintes actuacións:

Actuación	Custo
Limpeza e mantemento de camiños rurais do Municipio de A Pobra do Brollón.	
Gastos de persoal (1 tractorista e 1 peón limpeza camiños rurais, 5 meses, 100% da xornada laboral)	18.128,02 €
Gastos de mantemento e funcionamento de maquinaria (coitelas, combustible, etc.)	1.871,98 €
TOTAL GASTOS	20.000,00 €

A realización destas actuacións terá lugar nas franxas laterais das vías de titularidade municipal, polo que a execución das mesmas non require da solicitude de ningún permiso ou autorización a outras Administracións, nin da cesión ou expropiación de ningún terreo.

Ámbalas dúas Administracións obríganse a realizar os trámites xurídico-administrativos que resulten necesarios para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial das actuacións obxecto do convenio.

O ámbito territorial de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o termo municipal de A Pobra do Brollón.

Terceira.- Obrigas, compromisos e facultades das partes.

Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes que o subscriben conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:

a) da Deputación Provincial de Lugo.



1) Financiamento dos custos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, cun total de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023.

2) No caso de producirse baixas na licitación e/ou de que os custos de execución das actuacións obxecto do convenio resulten inferiores aos inicialmente previstos, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido pola Deputación Provincial ou, previa solicitude do representante do Concello de A Pobra do Brollón, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

b) Do Concello de A Pobra do Brollón.

1) Asumir a dirección de execución e a coordinación en materia de seguridade e saúde.

2) Realizar a contratación do persoal con suxeición ao establecido: no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; no convenio colectivo de aplicación; e, en todo o que lle sexa de aplicable, na lexislación de función pública.

3) Achegar, como contribución ao fin común, a cantidade que, unha vez esgotado o orzamento inicialmente previsto, reste e sexa necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e a súa correcta execución.

4) Proporcionar aos traballadores contratados a maquinaria e materiais necesarios para a realización das tarefas de limpeza e mantemento citadas na cláusula primeira.

5) Realizar as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 31 de decembro de 2023.

6) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

7) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

8) Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou adhesivo ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Cuarta.- Réxime económico e titularidade dos resultados.

1. Achegas.

a) Da Deputación Provincial de Lugo.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega total de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023, para que o Concello de A Pobra do Brollón poida afrontar os gastos de execución das actuacións mencionadas na cláusula primeira.

b) Do Concello de A Pobra do Brollón.

O Concello de A Pobra do Brollón achegará a cantidade que, unha vez esgotado o orzamento inicialmente previsto, reste e resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e a súa axeitada execución.

2. Titularidade dos resultados.

O Concello de A Pobra do Brollón será titular do resultado da cooperación: Limpeza e mantemento de camiños rurais, coa obriga de dedicar o mesmo ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.

Quinta.- Xustificación da achega económica.

Unha vez finalicen a actuacións previstas e contempladas neste convenio e, en todo caso, como máximo o 31 de marzo de 2024, o Concello de A Pobra do Brollón, presentará ante a Deputación Provincial de Lugo unha conta xustificativa conxunta das actuacións e dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

Memoria das actuacións realizadas.

Relación clasificada de gastos polo custo total das actividades obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago.

Copia dos contratos laborais onde queden determinados os dereitos e as obrigas dos traballadores que desenvolverán as actuacións obxecto do convenio.

Certificación, expedida polo Interventor ou o Secretario:



Indicativa do custo total da actividade desenvolva e dos importes do financiamento.

Acreditativa de que a relación dos gastos da actividade atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente, e pagadas.

Indicativa de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Descritiva dos traballos realizados (ubicación e temporalidade) polo persoal contratado.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello:

Na que se indiquen as subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, o feito de non ter outras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.

Na que se faga constar que este non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Na que se faga constar que este se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Indicando que a entidade asumiu o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben indicando que o Concello non asume o custo do IVE, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa pola Deputación Provincial de Lugo, esta procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Duración do convenio.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será a da aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal establecido no artigo 49, letra h) da LRXSP.

Sétima.- Modificación do convenio.

A modificación deste convenio, que se levará a cabo, de ser o caso, mediante addenda ao mesmo, poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre que dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos, previsto no artigo 49 da LRXSP.

Oitava.- Extinción do convenio e os seus efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución, consonte ao artigo 51.2 da LRXSP:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.
(...).
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.



e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou en outras leis.

O cumprimento e a resolución do convenio darán lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes.

O convenio entenderase cumprido cando o seu obxecto se realizara nos termos e a satisfacción das partes, de acordo coas súas respectivas competencias, tendo en conta, consonte ao artigo 52.2 da LRXSP, as seguintes regras:

a) Se da liquidación resultara que o importe das actuacións executadas por algunha das partes fora inferior aos fondos que a mesma recibira do resto das partes do convenio para financiar dita execución, aquela deberá reintegrar a estas o exceso que corresponda a cada unha, no prazo máximo dun mes dende que se aprobara a liquidación.

Transcorrido o prazo máximo dun mes, mencionado no parágrafo anterior, sen que se producira o reintegro, deberase aboar a ditas partes, tamén no prazo dun mes a contar dende ese momento, o xuro de demora aplicable ao citado reintegro, que será en todo caso o que resulte das disposicións de carácter xeral reguladoras do gasto público e da actividade económico-financiera do sector público.

b) Se fora superior, o resto das partes do convenio, no prazo dun mes dende a aprobación da liquidación, deberá aboar á parte de que se trate a diferenza que corresponda a cada unha delas, co límite máximo das cantidades que cada unha das partes se comprometera a achegar en virtude do convenio. En ningún caso as partes do convenio terán dereito a esixir ao resto contía algunha que supere os citados límites máximos.

Novena.- Comisión de seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f) da LRXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control do mesmo, establecerase unha comisión mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades, que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto daquel. Ostentará a condición de presidente da comisión de seguimento quen o sexa do ente provincial.

Os membros da comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán, así mesmo, asistir á comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na LRXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) En xeral, as que o artigo 49.f da LRXSP lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décima.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes que aludan ou informen da actividade ou actuación, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), o Concello de A Pobra do Brollón incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitarlos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalos. A Deputación, pola súa banda, incorporará os que lle facilite aquel.



Ademais, consonte ao artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo (publicada no BOP nº 212, do 14 de setembro de 2016), o Concello de A Pobra do Brollón deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ámbalas Administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir, polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello de A Pobra do Brollón comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo primeira.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e, consonte ao artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esta non lle é de aplicación, pois, segundo aquel:

Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico-pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico-privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...).

Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo apartado 1 deste artigo 6 (letras a, b e c) xa que as entidades intervenientes non teñen vocación de mercado, o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o

desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...).

b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).

Así mesmo, nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, nos que as Administracións intervenientes ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, segundo o disposto no artigo 2.4.b) do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Polo tanto, este convenio de natureza administrativa rexerese pola LRBRL e pola LRXSP, así como polas restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

As partes comprométense a resolver, de xeito amigable, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Noutro caso, será competente para entender dos litixios que puidesen xurdir a Xurisdición Contencioso – Administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 12 páxinas numeradas, na data da sinatura dixital, do que como secretario dou fe.



O Presidente da Deputación de Lugo

P.D. Decreto do 15/10/2019

A deputada da área de Medio Rural e do Mar, Mocidade

Mónica Freire Rancaño

O alcalde do Concello de A Pobra do
Brollón

Xosé Luís Maceda Vilariño

O Secretario Xeral da Deputación de Lugo

José Antonio Mourelle Cillero

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PRÓRROGA DO ENCARGO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A. S.M.E. M.P. (TRAGSA) PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE FUNCIONAMENTO DAS RUTAS FLUVIAIS DOS ENCOROS DE SANTO ESTEVO (RÍO SIL- EMBARCADOIRO DA PONTE DO SIL) E OS PEARES (RÍO MIÑO- EMBARCADOIRO DE BELESAR POBO) NA TEMPADA 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A Deputación Provincial de Lugo ten, a efectos da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), a consideración de poder adxudicador, podendo, segundo a potestade de autoorganización, executar directamente prestacións propias de contratos a través dos entes que ostenten a condición de medio propio personificado, segundo o estipulado no artigo 32 da LCSP.

A disposición adicional 24ª da LCSP, establece que a Empresa de Transformación Agraria S.A. S.M.E. M.P. (en adiante, TRAGSA) e a súa filial TRAGSATEC son medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades

Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poder adxudicador, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto 2º da letra d) do apartado 2 do artigo 32, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos apartados 4 e 5 desa disposición adicional 24ª da LCSP.

As relacións de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, cos poderes adxudicadores dos que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, teñen natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos previstos no artigo 32 da LCSP, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

No punto 4º da citada disposición adicional 24ª da LCSP sinálase que as sociedades do Grupo TRAGSA, prestarán, entre outras, as funcións de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, a condición de que non impliquen exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos e a realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos agrícolas, gandeiros, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e ambiental, de agricultura e pesca, así como os necesarios para o mellor uso e xestión dos recursos naturais. Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos (...).

Atendendo ás citadas consideracións legais, con data 12 de febreiro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou o encargo á Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) da actividade de funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (Río Sil, embarcadoiro da Ponte do Sil) e Os Peares (Río Miño, embarcadoiro de Belesar Pobo) para a tempada 2021 (dende a data de aprobación deste acordo ata o 31 de decembro), por importe de 685.894,79 euros, sendo prorrogable este encargo nas anualidades 2022 e 2023.

Visto que no informe do Servizo de Turismo que acompaña a este expediente se pon de manifesto que TRAGSA executou os traballos incluídos no citado encargo de acordo coas directrices marcadas pola Deputación de Lugo na correspondente memoria técnica.



Visto que no expediente de referencia consta a seguinte documentación:

Orzamento da prórroga do encargo a TRAGSA para o funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (embarcadoiro da Deputación de Lugo- Ponte do Sil) e Os Peares (Río Miño- embarcadoiro de Belesar Pobo) para a anualidade 2023.

Certificado emitido por TRAGSA relativo á suficiencia e estrutura e medios suficientes para realizar encargo e que o importe das prestacións parciais que o medio propio pode contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para o encargo presente dun 3%.

Certificación de consignación orzamentaria emitida pola Intervención da Deputación de Lugo.

Memoria técnica que rexerá a prórroga do encargo do funcionamento das rutas fluviais a TRAGSA para a anualidade 2023, elaborada polo Servizo de Turismo.

Visto que, de conformidade coa documentación analizada, non se vai producir ningunha variación no obxecto do encargo nin nas tarifas a aplicar por parte de TRAGSA, agás no que se refire as datas de realización do encargo que se axustan de conformidade ao calendario e pontes festivas da anualidade 2023 e aos incrementos orzamentarios das revisións e posta a punto das embarcacións para o inicio da campaña 2023, unha vez varadas e auditadas pola empresa Eurocontrol. Estas revisións e posta a punto das embarcacións son requisitos imprescindibles para a prestación dunha navegación segura e de calidade.

Tendo en conta os antecedentes indicados e analizado o expediente, proponho que a Xunta de Goberno adopte os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a prórroga do encargo á Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) da actividade de funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (Río Sil, embarcadoiro da Ponte do Sil) e Os Peares (Río Miño, embarcadoiro de Belesar Pobo)

para a tempada 2023 (dende a data de aprobación deste acordo ata o 31 de decembro), por importe de 927.447,97 euros.

2º.- Ordear a execución dos traballos ao medio propio TRAGSA de acordo coas especificacións da memoria que se xunta ao expediente coa presente proposta.

3º.- Prorrogar o nomeamento para a supervisión, control administrativo e seguemento dos traballos encomendados, por parte da Deputación de Lugo, do Coordinador Xefe II das Rutas Fluviais, Ramón Campos Rodríguez.

4º.- Facultar ao Servizo de Turismo, a través da súa Deputada- Delegada, para realizar as modificacións que se consideren necesarias no calendario de funcionamento e para o establecemento dos horarios de saída das embarcacións, protocolos hixiénico-sanitarios e limitacións de aforos, no seu caso, co fin de adoptar eventuais medidas recomendadas e/ou preceptivas en cada momento para a prevención do contaxio por Covid-19, así como para a mellor organización do servizo segundo as previsións da demanda e en aras dunha mellora continua na calidade deste produto turístico.

5º.- A presente prórroga poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación de Lugo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución, tal e como estaba definida con anterioridade á súa modificación.

6º.- A presente prórroga do encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público, mediante resolución da Deputación de Lugo, sen prexuízo da continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución, e da súa liquidación.

7º.- As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución desta prórroga serán resoltas de forma executiva pola Deputación de Lugo.

8º.- A prórroga dos servizos e traballos definidos a TRAGSA non implicará delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación de Lugo.



9º.- A prórroga do encargo da actividade de funcionamento das rutas fluviais a TRAGSA implicará que, no caso de producírense imprevistos que supoñan a necesidade de suspender temporalmente o encargo, ou de levar a cabo unha reformulación do mesmo que conleve unha redución no orzamento destinado inicialmente ao servizo, a Deputación non terá que indemnizar a TRAGSA.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS AUTORIZACIÓNS DE USO DOS HORTOS URBANOS DO PARQUE DO RÍO RATO (4ª FASE).

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Antecedentes.

Con data de 9 de xullo de 2020 publicouse no BOP de Lugo nº 156 o Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo co obxectivo de aportar unha normativa sobre o uso e as autorizacións das hortas xestionadas actualmente polo Servizo de Medio Ambiente da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Con data 16 de setembro de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou a Convocatoria pública de participación para a solicitude de autorización de uso dos denominados Hortos do río Rato (4ª fase) mediante concorrencia pública, a vista da existencia de parcelas libres.

Por Resolución de Presidencia de data 17 de outubro de 2022, nomeáronse aos funcionarios do Servizo de Medio Ambiente que constitúen a Mesa de seguimento, como órgano competente para a cualificación e comprobación da documentación achegada polos interesados e para elevar posteriormente a correspondente proposta de outorgamento.

A Mesa de seguimento reuniuse o pasado 10 de decembro de 2021 e, unha vez revisadas as solicitudes presentadas, levantou a correspondente acta, na que acordou:

“1º.- Propoñer a exclusión do procedemento, posto que só se pode asignar un Horto por unidade familiar, de acordo co establecido no punto 3 apartado a), a D^a. Agata Micaela Tubio Lagos (Ao ter concedida a autorización de uso do Horto nº 68).

2º.- Aprobar e publicar a Listaxe Provisional de admitidos que se relaciona a continuación:

LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS		
	NOME	APELIDOS
1	ADACE Lugo	A. Dano Cerebral Adquirido
2	Alba	Roca Prieto
3	Andrea	Alonso Carrasco
4	Anxo Xosé	García Dopico
5	Asociación Vilú	
6	Carmen	Morado Fernández
7	Carmen	Muiña Pena
8	Cristina	Gómez Rodríguez
9	Irene	Saucedo Giraldo
10	Iria	De Cabo Serrano
11	Lorena	Curraño Expósito
12	Luis	Gude Sánchez
13	Luís	Vázquez Liz
14	Manuela	López Grandas
15	María Pilar	Coedo Jato
16	Mario	Cascudo Ferreiro
17	Mónica	Abelleira Balea
18	Natalia	Rodríguez Reguera
19	Noelia	Rodríguez Ruiz
20	Paula	Rodríguez Juncal
21	Piera Alejandra	Urrea Henriques
22	Pilar	Prado Castro
23	Rosa	Rodríguez Rodríguez
24	Teresa	Martínez Iglesias
25	Yaiza María	Yañez Altamirano



3º.- Poñer a disposición dos interesados as listaxes, no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo, na web da Deputación de Lugo e no Servizo de Medio Ambiente durante 10 días naturais, durante os cales poderán presentar as alegacións que se consideren, pasando a considerarse Listaxes definitivas, no caso de non recibir alegacións, tal e como indica o punto 8.2 do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do río Rato (4ª Fase).”

O día 16 de xaneiro de 2023, logo do período de exposición pública, sen que se recibisen alegacións ás listaxes publicadas; reúnese a Mesa de seguimento para realizar, en acto público, a asignación ao chou de un horto a cada solicitante aceptado no procedemento, levantándose a correspondente acta, na que se acorda:

“1º.- No acto público de sorteo, procedeuse ao sorteo das 27 parcelas marcadas no plano anexo a este informe, que actualmente se atopan sen usuario asignado.

2º.- En base ao establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 156, de 9 de xullo de 2020 e ao Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do río Rato, 4ª Fase, publicado no BOP nº 221, de 26 de setembro de 2022 realizase o sorteo público, ao chou, das parcelas, co resultado que a continuación se traslada:

LISTAXE DEFINITIVA E ASIGNACIÓN DE HORTOS		
NOME	APELIDOS	HORTO
ADACE Lugo	A. Dano Cerebral Adquirido	77
Alba	Roca Prieto	101
Andrea	Alonso Carrasco	143
Anxo Xosé	García Dopico	144
Asociación Vilú		73
Carmen	Morado Fernández	131
Carmen	Muiña Pena	87
Cristina	Gómez Rodríguez	148
Irene	Saucedo Giraldo	150
Iria	De Cabo Serrano	128
Lorena	Curraño Expósito	146
Luis	Gude Sánchez	64
Luís	Vázquez Liz	33

NOME	APELIDOS	HORTO
Manuela	López Grandas	59
María Pilar	Coedo Jato	92
Mario	Cascudo Ferreiro	105
Mónica	Abelleira Balea	121
Natalia	Rodríguez Reguera	10
Noelia	Rodríguez Ruiz	90
Paula	Rodríguez Juncal	109
Piera Alejandra	Urrea Henríquez	107
Pilar	Prado Castro	147
Rosa	Rodríguez Rodríguez	127
Teresa	Martínez Iglesias	145
Yaiza Maria	Yañez Altamirano	149

3º.- Acordase a publicación, nos mesmos medios que a Listaxe provisional, da anterior listaxe, como Listaxe definitiva e asignación de hortos, e a realización da correspondente proposta de outorgamento ante a Xunta de Goberno da Excma. Deputación de Lugo, indicando individualmente o horto asignado a cada interesado, segundo se establece no punto 8.4 Proposta de outorgamento, do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do río Rato, 4ª Fase.”

Segundo establece o Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo no seu apartado XI. Órganos competentes “Punto 32. En materia relativa á adxudicación dos hortos ou demais acordos que se poidan acadar, o órgano competente será sempre a Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo”.

A vista do anteriormente exposto proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- A exclusión do procedemento, posto que só se pode asignar un Horto por unidade familiar, de acordo co establecido no punto 3 apartado a), a Dª. Agata Micaela Tubio Lagos (ao ter concedida a autorización de uso do Horto nº 68).

2º.- Aprobar o outorgamento de autorización de uso de cada parcela numerada, polo período de dous (2) anos dende a sinatura da correspondente autorización de uso, aos solicitantes



resultantes deste Procedemento que se relacionan a continuación, segundo se establece no punto 8 do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do río Rato, 4ª Fase.

AUTORIZACIÓN DE USO HORTOS 4ª FASE		
NOME	APELIDOS	HORTO Nº
ADACE Lugo	A. Dano Cerebral Adquirido	77
Alba	Roca Prieto	101
Andrea	Alonso Carrasco	143
Anxo Xosé	García Dopico	144
Asociación Vilú		73
Carmen	Morado Fernández	131
Carmen	Muiña Pena	87
Cristina	Gómez Rodríguez	148
Irene	Saucedo Giraldo	150
Iria	De Cabo Serrano	128
Lorena	Curraño Expósito	146
Luis	Gude Sánchez	64
Luis	Vázquez Liz	33
Manuela	López Grandas	59
María Pilar	Coedo Jato	92
Mario	Cascudo Ferreiro	105
Mónica	Abelleira Balea	121
Natalia	Rodríguez Reguera	10
Noelia	Rodríguez Ruiz	90
Paula	Rodríguez Juncal	109
Piera Alejandra	Urrea Henriques	107
Pilar	Prado Castro	147
Rosa	Rodríguez Rodríguez	127
Teresa	Martínez Iglesias	145
Yaiza Maria	Yañez Altamirano	149

3º.- Notificar aos candidatos indicados no punto anterior, o outorgamento de autorización de uso dos hortos e a sinatura do documento administrativo de autorización de uso do dominio público, segundo se dispón no punto 8.4 do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do río Rato, 4ª Fase.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

ASUNTOS DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, adoptáronse os seguintes acordos:

Primeiro.- *Modificación de convenio interadministrativo de cooperación suscrito co Concello de Ribadeo.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor.

“Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta da actividade “renovación do pavimento da rúa Luz Pozo Garza e dunha marxe da rúa Virxe do Camiño”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 17 de xuño de 2022).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 17 de xuño de 2022, a aprobación do convenio que se reflicte no encabezamento, o cal foi asinado polas partes o día 21 do mesmo mes.

O 10 de xaneiro de 2023, ao abeiro do disposto na cláusula sétima do citado convenio, o representante do Concello de Ribadeo presentou no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo escrito no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, no que atinxe a:



O custo total das obras que constitúen o obxecto do convenio, reflectido na cláusula primeira, que pasa de ser de 184.449,82 a 198.772,76 €.

Ao compromiso de financiación asumido pola Deputación Provincial de Lugo, en virtude do establecido nas cláusulas terceira.A.1) e cuarta.1.A, que se incrementa en 14.322,94 €.

Detectados erros na dita solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade requiriuse ao representante do Concello de Ribadeo para a súa emenda, o que aconteceu coa presentación de documentación adicional o 13 de xaneiro de 2023 (RE nº: 2023RT000463).

Completo o expediente, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, tendo en conta as disposicións legal, regulamentaria e convencionalmente establecidas, emitiuse informe favorable ás citadas modificacións.

Así mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade,.

Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- A modificación das cláusulas primeira, terceira. A.1) e cuarta.1. A do convenio de referencia e a aprobación do texto da addenda do seguinte teor:

“Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta da actividade “Renovación do pavimento da rúa Luz Pozo Garza e dunha marxe da rúa Virxe do Camiño”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal.

Reunidos.

Dunha parte, don Xosé Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: 2700000-I, e sede social en Lugo, na rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, no seu nome, Mónica Freire Rancaño, deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude da Resolución desta Presidencia do 15 de outubro de 2019.

E doutra, don Fernando Suárez Barcia, con DNI nº: ***9411**, Alcalde do Concello de Ribadeo, con NIF: P2705100B, e sede social en Ribadeo, na Praza de España, nº 1, que actúa en nome e representación da citada entidade, con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

E actuando as partes en razóns das súas respectivas competencias e recoñecéndose poderes e facultades para formalizar a presente addenda,

Expoñen.

Primeiro.- O 21 de xuño de 2022 asinou se o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta da actividade “Renovación do pavimento da rúa Luz Pozo Garza e dunha marxe da rúa Virxe do Camiño”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal.

Segundo.- A cláusula primeira (Obxecto do convenio) establece o seguinte:

“(…)

Para a realización da dita actividade e acadar o citado fin, ámbalas dúas Administracións comprométense a realizar e financiar as obras e gastos seguintes, segundo se reflicte no proxecto presentado polo Concello de Ribadeo:



GASTOS	
Concepto	Custo
- Demolicións	6.749,61 €
- Acondicionamento do terreo	836,59 €
- Saneamento	9.604,95 €
- Abastecemento de auga	9.962,92 €
- Alumeado público	17.016,69 €
- Firmes e pavimentos urbanos	76.180,87 €
- Equipamento urbano	2.414,73 €
- Varios (segundo proxecto)	626,57 €
- Control de calidade	131,85 €
- Xestión de residuos	3.956,27 €
- Seguridade e saúde	618,00 €
- Gastos xerais (13%)	16.652,88 €
- Beneficio industrial (6%)	7.685,94 €
- IVE (21%)	32.011,95 €
TOTAL GASTOS	184.449,82 €

(...).

Terceiro.- Consonte á cláusula terceira (Obrigas, compromisos e facultades das partes):

Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

1) Financiamento dos gastos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, cun total de 184.449,82 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2022.

2) No caso de producirse baixas na licitación e/ou de que os custos de execución das obras resulten inferiores aos inicialmente previstos, a Deputación de Lugo terá a facultade de reducir a cantidade estipulada para o financiamento por ela comprometido ou, previa solicitude do Concello de Ribadeo, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

(...).

Cuarto.- Finalmente, a cláusula cuarta (Réxime económico e titularidade dos resultados) establece:

1. Achegas.

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega total de 184.449,82 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2022, para que o Concello de Ribadeo poida afrontar os gastos mencionados na cláusula primeira.

(...).

Quinto.- O 10 de xaneiro de 2023, ao abeiro do disposto na cláusula sétima do citado convenio, o representante legal do Concello de Ribadeo presentou no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo escrito no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, no que atinxe a:

O custo total das obras que constitúen o obxecto do convenio, reflectido na cláusula primeira, que pasa de ser de 184.449,82 a 198.772,76 €.

Ao compromiso de financiación asumido pola Deputación Provincial de Lugo, en virtude do establecido nas cláusulas terceira.A.1) e cuarta.1.A, que se incrementa en 14.322,94 €.

Detectados erros na dita solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade requiriuse ao representante do Concello de Ribadeo para a súa emenda, o que aconteceu coa presentación de documentación adicional o 13 de xaneiro de 2023.

Sexto.- En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a dita modificación, a cal se levaría a cabo a través da correspondente addenda, por considerar xustifico o motivo da solicitude, e acreditados: o interese común na dita modificación; que esta non alteraba as condicións esenciais do documento inicial; e que, así mesmo, cumpría cos requisitos de vixencia do convenio e os límites temporais establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado



no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

De conformidade con estes antecedentes, as partes acordan modificar o convenio de colaboración de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes.

Estipulacións.

Primeira.- A Cláusula primeira.- Obxecto do convenio, queda redactada do seguinte xeito:

Este convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta da actividade “Renovación do pavimento da rúa Luz Pozo Garza e dunha marxe da rúa Virxe do Camiño”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal.

Para a realización da dita actividade e acadar o citado fin, ámbalas dúas Administracións comprométense a realizar e financiar as obras e gastos seguintes, segundo se reflicte no proxecto presentado polo Concello de Ribadeo:

GASTOS	
Concepto	Custo
- Demolicións	6.162,55 €
- Acondicionamento do terreo	886,27 €
- Saneamento	9.746,04 €
- Abastecemento de auga	9.723,53 €
- Alumeado público	16.589,14 €
- Firms e pavimentos urbanos	86.849,93 €
- Equipamento urbano	2.846,39 €
- Varios (segundo proxecto)	546,77 €
- Control de calidade	121,34 €
- Xestión de residuos	3.956,27 €
- Seguridade e saúde	618,00 €
- Gastos xerais (13%)	17.946,01 €
- Beneficio industrial (6%)	8.282,77 €
- IVE (21%)	34.497,75 €
TOTAL GASTOS	198.772,76 €

Tal e como se reflicte naquel, as zonas das rúas onde se formula a execución das obras son de titularidade municipal, polo que non require da solicitude de ningún permiso ou autorización a outras Administracións nin da cesión ou expropiación de bens ou terreos.

Ámbalas dúas Administracións obríganse a realizar os trámites xurídico-administrativos que resulten necesarios para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- A Cláusula terceira.- Obrigas, compromisos e facultades das partes modifícase co seguinte teor:

Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes que o subscriben conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

1) Financiamento dos gastos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, cun total de 198.772,76 €; dos que 184.449,82 serán con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2022 e 14.322,94 con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial.

2) No caso de producirse baixas na licitación e/ou de que os custos de execución das obras resulten inferiores aos inicialmente previstos, a Deputación de Lugo terá a facultade de reducir a cantidade estipulada para o financiamento por ela comprometido ou, previa solicitude do Concello de Ribadeo, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

B. Do Concello de Ribadeo.

1) Elaborar, supervisar, aprobar e reformular o correspondente proxecto que defina con precisión as obras a executar.

2) Asumir a dirección de obra e a dirección da súa execución.

3) Licitar a execución das obras con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación, soportando, de ser o caso, os tributos que se apliquen.

4) Achegar, como contribución ao fin común, a cantidade que, de ser preciso, reste e resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta execución das obras.

5) Executar as obras na data límite do 30 de setembro de 2023.



6) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

7) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

8) Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou adhesivo ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Terceira.- A Cláusula cuarta.- Réxime económico e titularidade dos resultados queda redactada do seguinte xeito:

1. Achegas.

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega total de 198.772,76 €; dos que 184.449,82 serán con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2022 e 14.322,94 con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial.

B. Do Concello de Ribadeo.

O Concello de Ribadeo achegará a cantidade que, de ser preciso, reste e resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta execución das obras.

2. Titularidade dos resultados.

O Concello de Ribadeo será titular do resultado da cooperación: Renovación do pavimento da rúa Luz Pozo Garza e dunha marxe da rúa Virxe do Camiño, coa obriga de dedicar o mesmo ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.

Cuarta.- As partes acordan a incorporación desta addenda ao texto do convenio interadministrativo de referencia, rexéndose aquela polas condicións estipuladas neste e formando parte integrante do mesmo.

O resto das cláusulas do convenio quedan inalteradas.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 6 páxinas numeradas, na data da sinatura dixital, do que como secretario dou fe.

O presidente da Deputación de Lugo

O alcalde do Concello de Ribadeo

P.D. Decreto do 15 de outubro de 2019
A deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade
Mónica Freire Rancaño

Fernando Suárez Barcia

O secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo
José Antonio Mourelle Cillero

2º.- A aprobación do gasto, por importe de 14.322,94 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2023, derivado das modificacións citadas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación do protocolo xeral de intencións a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e RENFE Viajeros Sociedad Mercantil Estatal, S.A. para a posta en marcha dun tren turístico para promocionar a Ribeira Sacra.*

Logo de ver a proposta da Presidencia que textualmente dí o seguinte:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Protocolo xeral de intencións a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e RENFE Viajeros Sociedad Mercantil Estatal, S.A. para a posta en marcha dun tren turístico para promocionar a Ribeira Sacra.

En relación ao asunto de referencia (Exp. 2023/XEN_01/000246), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe:



Primeiro: O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que:

“As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

Segundo: En termos xurídico- administrativos, non teñen a consideración propiamente de convenios, aos efectos do artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os Protocolos Xerais de Actuación ou instrumentos xerais que comporten meras declaracións de intencións de contido xeral ou que expresen a vontade das administracións e partes subscriptoras para actuar con un obxectivo común, sempre que non supoñan a formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles.

Terceiro: Estamos ante un Protocolo Xeral, sen efectos xurídicos, de modo que o seu contido non é contractual, dado que non existe, por definición, unha relación onerosa e bilateral máis aló de unha mera relación “protocolaria” ou institucional.

Tampouco é de aplicación a Lei Xeral de Subvencións en tanto que non existe disposición dineraria, por parte da Deputación a favor do Concello de Vilalba, conforme á definición establecida no artigo 2 da Lei Xeral de Subvencións (Lei 38/2003, do 17 de novembro).

Cuarto: A materia obxecto do presente protocolo é competencia provincial en aplicación do artigo 36.1d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, en coherencia co Artigo 109.1 d) da Lei de Administración Local de Galicia e o artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro.

Quinto: Que entre los objetivos de Renfe Viajeros se encuentra el de ofrecer apoyo a organizaciones de carácter institucional, social, cultural, deportivo y educativo, con el fin de

fomentar el uso del ferrocarril, a través de propuestas que vinculan el viaje en tren a excursiones lúdicas y formativas.

Sexto: En canto ao órgano competente sinalar que, segundo o establecido no artigo 54, apartado 41, do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, trátase dunha atribución que corresponde ao Ilmo. Sr. Presidente, máxime se non conleva obrigas de índole económica. Non obstante, correspóndelle á Xunta de Goberno asistir á Presidencia no exercicio das súas atribucións (art.35.2 da LBRL e 59 a) do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo).

Conclusiones.

Por todo o exposto infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno, como órgano de asistencia ao Presidente, se aprobe o texto do Protocolo xeral de intencións a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e RENFE Viajeros Sociedad Mercantil Estatal, S.A. para a posta ta en marcha dun tren turístico para promocionar a Ribeira Sacra”.

En base ao anteriormente exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o borrador do protocolo que se detalla a continuación:

Protocolo general de intenciones entre la Diputación de Lugo y RENFE Viajeros Sociedad Mercantil Estatal, S.A. para la puesta en marcha de un tren turístico para promocionar la Ribeira Sacra.

(Aprobado por acuerdo de la Junta de Gobierno de fecha 27 de enero de 2023).

Firmado electrónicamente en la fecha que consta en el pie de página.

Intervienen.



De una parte, Don José Tomé Roca, en su condición de Presidente de la Diputación Provincial de Lugo, habiendo tomado posesión de su cargo el día 18 de julio de 2019, en uso de las atribuciones conferidas en el artículo 34.1b) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local.

De otra parte, Don Isaías Táboas Suárez en nombre y representación de Renfe Viajeros, Sociedad Mercantil Estatal, SA (en adelante «Renfe Viajeros») con domicilio social en Madrid, Avenida de Pío XII, 110, con NIF A-86868189, constituida el día 11 de diciembre de 2013, ante el Notario del Ilustre Colegio de Madrid don José Manuel Senante Romero bajo el número de su Protocolo 3.553, inscrita en el Registro Mercantil de Madrid Tomo 31997, folio 1, sección 8 y hoja M-575733.

Ante, Don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario General de la Diputación Provincial de Lugo.

Las partes, según intervienen, se reconocen recíprocamente capacidad legal y representación suficiente para suscribir el presente protocolo general de intenciones y, en su virtud

Exponen.

Primeiro: La materia objeto del presente protocolo es competencia provincial en aplicación del artículo 36.1d) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local, modificada por la Ley 57/2003, de 16 de diciembre, de medidas para la modernización del gobierno local, en coherencia con el Artículo 109.1 d) de la Ley de Administración Local de Galicia y el artículo 3.3 de la Ley 5/2014, de 27 de mayo, de medidas urgentes derivadas de la entrada en vigor de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre.

Segundo: Que entre los objetivos de Renfe Viajeros se encuentra el de ofrecer apoyo a organizaciones de carácter institucional, social, cultural, deportivo y educativo, con el fin de fomentar el uso del ferrocarril, a través de propuestas que vinculan el viaje en tren a excursiones lúdicas y formativas.

Y a tal efecto, ambas entidades proceden a la formalización del presente protocolo con arreglo a las siguientes:

Estipulaciones.

Primera: Objeto.

El objeto del presente Protocolo general es establecer un marco de intenciones para hacer efectivo el principio de colaboración y cooperación entre las entidades firmantes, para la puesta en marcha de un tren turístico para promocionar la Ribeira Sacra.

Segunda: Naturaleza del protocolo.

El presente instrumento tiene el carácter de Protocolo general de actuación al amparo de lo dispuesto por el artículo 47.1 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, ya que comporta una mera declaración de intenciones para actuar en la consecución de un objetivo común y no supone la formalización de compromisos jurídicos concreto y exigibles.

No tiene contenido económico.

La eficacia del presente régimen de colaboración queda condicionada a la suscripción de los instrumentos jurídicos que procedan donde se recogerán las acciones conjuntas para la promoción turística de la Ribeira Sacra a través de los servicios de Renfe Viajeros (tren turístico).

Tercera: Ámbito de colaboración de las partes.

Las partes intervinientes manifiestan su disponibilidad para colaborar y realizar las gestiones necesarias para que, mediante los mecanismos que estimen oportunos, se instrumenten las acciones correspondientes para la consecución de los objetivos enunciados en el presente protocolo de intenciones, es decir, ambas partes, mediante la firma de este protocolo, hacen



énfasis en su compromiso de trabajar en el diseño de una propuesta de servicios turísticos con el tren como referente de movilidad y los atractivos de la Ribeira Sacra como escenario.

Cuarta: Vigencia.

El presente protocolo entrará en vigor en el momento de su formalización y estará vigente hasta el 31 de diciembre de 2023.

Quinta: Resolución.

El presente protocolo se podrá extinguir por mutuo acuerdo, de forma expresa y por escrito de las partes, o por el transcurso del plazo de vigencia.

Sexta: Modificación.

El contenido del protocolo podrá modificarse por mutuo acuerdo de las partes siempre que no se alteren las condiciones esenciales del documento inicial y que el documento esté vigente.

La modificación del convenio se llevará a cabo mediante adenda al mismo.

Sétima: Publicidad de las actuaciones.

Cualquier difusión pública que se realice de las actuaciones objeto del presente protocolo se fijará de común acuerdo.

Octava: Protección de datos.

El tratamiento de datos personales obtenidos en la ejecución del presente Protocolo deberá realizarse de conformidad con la normativa aplicable en materia de protección de datos y, en particular, con lo dispuesto en el Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos (Reglamento General de

Protección de Datos o RGPD) y en la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales, así como su normativa de desarrollo.

Asimismo, los datos personales de los representantes facilitados por las partes (datos de identificación, de contacto, profesionales y de representación o apoderamiento), serán tratados exclusivamente con la finalidad de gestionar la relación que, mediante la firma del presente Protocolo, se formaliza entre las partes, siendo la base legitimadora del tratamiento la ejecución del presente Protocolo.

Los datos personales de los firmantes serán conservados por las partes durante el período de vigencia del presente Protocolo y, tras su finalización, durante el tiempo legalmente establecido para atender a las posibles responsabilidades, no estando prevista su comunicación o cesión a terceros, salvo obligación legal.

Las partes informarán a los firmantes que en cualquier momento podrán ejercitar los derechos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación del tratamiento y portabilidad de los datos, debiendo dirigirse por escrito con la referencia “Protección de Datos”, mediante correo postal o electrónico, a cualquiera de las direcciones que se indican a continuación, acompañando su Documento Nacional de Identidad u otro documento oficial acreditativo de su identidad.

Renfe Viajeros:

Por correo postal: Avenida Ciudad de Barcelona, 8, 1ª planta, 28007 Madrid.

Por correo electrónico: derechos.viajeros@renfe.es

Diputación Provincial de Lugo:

Por correo postal: Calle San Marcos, 8, 27001 Lugo

Por correo electrónico: presidencia@putacionlugo.org



Se informa igualmente a los firmantes que pueden dirigirse a la Agencia Española de Protección de Datos o a otra autoridad de control competente en el caso de que consideren que sus datos no han sido tratados correctamente.

Novena: Cesión.

Ninguna de las partes firmantes del presente Protocolo podrá ceder total o parcialmente el mismo, ni transferir o subrogar en sus derechos y obligaciones a ningún tercero sin el previo consentimiento, expreso y escrito, de la otra parte.

Décima: Legislación.

El presente Protocolo General tiene naturaleza administrativa y las controversias que puedan suscitarse en la aplicación e interpretación del mismo y no pueden ser resueltas en el seno de la Comisión de Seguimiento serán sometidas al Orden jurisdiccional contencioso-administrativo.

Y en prueba de conformidad se firma el presente protocolo de intenciones, que consta de 4 páginas, de lo que como secretario doy fe.”

*El Presidente de la Diputación de Lugo
José Tomé Roca*

*El Representante de RENFE viajeros
Isaías Táboas Suárez*

*El Secretario General,
José Antonio Mourelle Cillero*

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.